

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D.ª Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D. Carlos Liñares Gestal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D.ª Mª de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e sete minutos do día sete de outubro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Carlos Liñares Gestal.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental, D.ª Mª de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de setembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por cinco votos a favor dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle e Iglesias Becerra) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro e da Sra. concelleira Méndez Sánchez, os cales manifestan que se absteñen por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 30 de setembro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde do 18 de setembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019 (código de procedemento TR351B). DOG núm. 188 do 03-10-2019.

- Anuncio do 25 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á exposición pública do padrón da taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 3º trimestre de 2019. BOP núm. 186 do 01-10-2019.
- Anuncio do 24 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D.ª Marta María Figueroa Fuentes do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.M.R. e D.G.B. o día 20-09-2019 ás 11.30 horas. BOP núm. 186 do 01-10-2019.
- Anuncio do 24 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, do 18 ao 22 de setembro de 2019. BOP núm. 186 do 01-10-2019.
- Anuncio do 25 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D.ª Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.M.F. e V.M.P.B. o día 27-09-2019 ás 11.00 horas. BOP núm. 189 do 04-10-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte:

C.I.F. P-1503100-H

PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
16/08/19	1278	Conceder unha axuda económica.	E. L. B.	Pago de recibo de electricidade correspondente aos meses de decembro (18,20 €) de 2018 e xaneiro (15,72 €) de 2019.	32,92 €
19/0/2019	1445	Conceder unha axuda económica.	I.C.R.	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio (290 €), xullo (290 €) e parte de agosto (205 €).	
23/09	1469	Conceder unha axuda económica.	M.M.L.F.	Pago de aluguer e fianza correspondente a un mes de fianza (400€), e parte do aluguer de xuño (200€), xullo (200€), agosto (200€) e setembro (75€).	1075€
26/09	1520	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	S.O.V.	Pago recibo electricidade correspondente ao periodo do 9/05/2019 ao 9/07/2019.	47,06€
				Recibo de auga correspondente ao 2º	47,79€

				trimestre de 2019.	
30/09/2019	1534	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	J.M.V.C.	Recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2019	81,26€
30/09/2019	1542	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	E.L.B.	Pago de recibo de electricidade correspondente ao periodo que vai do 19 de marzo ao 19 de agosto de 2019 (15,63€, 16,40€, 16,41€, 15,62€, 17,48€). Pago recibo auga correspondente ao segundo trimestre de 2019. Recibo de gas anual (300€).	55,36€ 300€

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

Inicio da actividade: Agrupación musical Voces Veteranas de Culleredo

A Concelleira delegada do servizo de persoas maiores presentou o día 1 de outubro o inicio da actividade da Agrupación musical Voces Veteranas de Culleredo. Esta actividade terá lugar todos os luns e xoves, en horario de 10:30 a 12:00 h, no Conservatorio Profesional de Música de Culleredo. A actividade, na que están inscritas un total de 33 persoas, ten como obxectivo o coñecemento da música, así como avanzar e compartir para unha mellor calidade de vida, fomentando deste xeito a autonomía persoal e social.

DÍA DA MULLER RURAL

Co motivo da Celebración do Día Internacional da Muller Rural, o 15 de outubro, a Concellaría de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte, está a organizar a II Feira de Mulleres do Rural que se desenvolverá o vindeiro domingo 13 de outubro no Parque da Torre de Celas entre as 12,00h do mediodía e as 20.00h da tarde. Durante toda a xornada haberá ademais dun mercado onde arredor de 20 mulleres emprendedoras da bisbarra amosarán produtos de diversos sectores: artesanais, culturais, culinarios etc; xestionados ou por elas mesmas, a fin de poñer en valor a imteresante e creativa labor da muller no eido do rural tentando de potenciar, ao tempo o seu desenvolvemento.

Asi mesmo, contarase coas actuacións musicais do *Grupo de música tradicional Acoradoira* e da banda *Volta e Dalle*, un dúo de Regueifeiras, e unha monoloxista; todas elas en clave feminista reivindicando o papel da muller na música e nas artes en xeral.

A Asociación de Mulleres As Berenguelas colaboradoras deste evento, organizarán un xantar a base de churrasco.

E ademais esta asociación organiza ao longo de toda a semana, diversas actividades culturais e artísticas como a presentación de libro, representacións teatrais, e exposición fotográfica e outras, abertas á toda a veciñanza."

2.2.2.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da concellería delegada da Área de Urbanismo:

“RESOLUCIÓN DO 19.09.2019

Resolución núm. 1439.- Requirindo a A.F.L.F. para que no prazo de tres meses presente a comunicación previa correspondente para as obras de apertura dun tabique exterior para colocación dunha ventá no inmueble situado na rúa Condes de Andrade, parroquia de Rutis que se estaban a executar sen contar co título habilitante exixible (exp. UAU/2019/430).

RESOLUCIÓN DO 25.09.2019

Resolución núm. 1509.- Concendo a D^a.M.C.V.F. a licenza que solicitou para a segregación da parcela coa referencia catastral 8897903NH4889N0001JS situada en Vinxeira Pequena, parroquia de Celas, nas seguintes 3 parcelas:

Finca parcelada núm 1

Parcela bruta: 3.238 m/2.

Cesión: 94 m/2

Parcela neta: 3.144 m/2

Finca parcelada núm 2

Parcela bruta: 2.044 m/2.

Cesión: 359 m/2

Parcela neta: 1.685 m/2

En ord-2: 718 m/2

En ord- 3: 967 m/2

Resto finca matriz

Parcela bruta: 3.253 m/2.

Cesión: 108 m/2

Parcela neta: 3.145 m/2 (exp. UAU/2019/467).

Resolución núm. 1510.- Concedendo a Don J.J.D.B e Dona N.B.S, a licenza de primeira ocupación que solicitaron para unha vivenda situada no lugar de Fornos, parroquia de Sueiro, e aprobando a devolución do aval depositado neste Concello por importe de 12.255,60 € e rexistrado co número de operación 320170000783. (exp. UAU/2019/243).

RESOLUCIÓN DO 26.09.2019

Resolución núm. 1523.- Concedendo a Dona A.S.G. e Don B.G.G. a licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada no lugar de Fornos, parroquia de Sueiro e aprobando a devolución da fianza depositada neste Concello por importe de 3.150 € e rexistrada co número de operación 320170000313. (exp. UAU/2019/455).

Resolución núm. 1530.- Primeiro .- Aceptando a renuncia que formulou D^a. L.M.N. á licenza que se lle outorgou por Resolución número 1670 do 22.09.2017, ao abeiro do que dispón o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Segundo.- Declarando a caducidade da licenza de obras que se outorgou por Resolución número 1670 do 22.09.2017, sen que sexa preciso tramitar o expediente ao que se refire o artigo 145.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo recoñecemento expreso do promotor. (exp. UAU/2017/340).

Resolución núm. 1531.- Incoando o oportuno procedemento para a declaración, no seu caso, da ineficacia da comunicación previa que presentou Vázquez y Garea S.L. para o acondicionamento dun local para oficinas

administrativas, situado na rúa Visitación de la Encina número 9 semisoto (referencia catastral 1362533NH5916S0007GP) da parroquia do Burgo.

Segundo.- Dar audiencia á interesada por un prazo de 15 días, que contan desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente resolución, a fin de que poida consultar o expediente, formular as alegacións e achegar os documentos e as xustificacións que considere convenientes na defensa dos seus dereitos e intereses.

Contra a presente resolución, polo seu carácter de acto de trámite, non cabe ningún recurso. (exp. UAU/2018/247)

Resolución núm. 1538.- Requirindo a P.F.M. Para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza para as obras de construción dunha canceira e o formigonado dunha beirarrúa que se estaban a executar na parcela situada no lugar de Vilaverde, parroquia de Castelo, sen contar co título habilitante exixible, no caso de incumprimento do disposto no punto anterior ou se a licenza se denegara acordarase a demolición das obras a custo do interesado. (UAU/2019/492).

COMUNICACIÓN PREVIA.

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 02 de outubro de 2019, a comunicación previa presentada por COMUN. PROPIETARIOS VISITACIÓN DE LA ENCINA NÚM. 9, para a limpeza de canalóns no edificio situada na Avda. Visitación de la Encina 9, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/62).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 02 de outubro de 2019, a comunicación previa presentada por COMUN. PROPIETARIOS VISITACIÓN DE LA ENCINA NÚM. 7, para a limpeza de canalóns no edificio situada na Avda. Visitación de la Encina 7, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/64)."

C.I.F. P-1503100-H

2.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 11 DE OUTUBRO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:

Contacontos coa Dragóna Ramona: *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza*. Nenos/as a partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 11 DE OUTUBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

XIV Festival Internacional Galicreques 2019.

Títeres Cachirulo/ Tres Tigres Chachakün: *Cronopios*.

Entrada de balde. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

OBRADOIROS DE COCIÑA SAUDABLE CULLERCHEF

Dirixido a nenas/os entre 7 e 12 anos, e gratuito, ten dous niveis, Iniciación e Avanzado, e dúas quendas por nivel: unha de 17:00 a 18:30 h e outra de 19:00 a 20:30 h.

O nivel Iniciación terá lugar os martes 8, 15, 22 e 29 de outubro e 5 e 12 de novembro, mentres que o nivel Avanzado será os xoves 10, 17, 24 e 30 de outubro e 7 e 14 de novembro (ollo: o 30 de outubro é mércores porque o xoves 31 é festivo escolar).

A data da degustación concretarase durante o obradoiro.

Limitado a 12 prazas por quenda (48 prazas en total)."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

Código do documento	Código do expediente
USG13I013U	USG/2019/188
Código de Verificación Electrónica (COVE)  572Q 074V 3Y3R 591S 0P69	

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H